

# ESTADO CRÍTICO

15 curador\*s 15 artistas



"Más paxaros na cabeza", 2019. Cerámica. 84 x 39 x 40 cm

IVÁN PRIETO + FÁTIMA OTERO  
(ARTISTA) (CURADORA)

## HUMANO. OBRA EN CERÁMICA

do 30 de outubro de 2020  
ao 29 de xaneiro de 2021

María Esther de Blas Varela,  
Vicerreitora do Campus de Ourense,  
**ten o pracer de convidarte** á presentación aos medios  
de "Humanos. Obra en cerámica" de Iván Prieto  
curada por Fátima Otero que terá lugar na Sala Alterarte  
o venres, 30 de outubro de 2020 ás 12:00 horas

Por mor das medidas sanitarias  
o aforo máximo da sala é de 6 persoas

s a l a  
alterarte

Pavillón Concepción Ramón Amat – Campus Universitario de Ourense  
Horario: luns a venres de 9 a 21 horas

A exposición *Humano* do escultor Iván Prieto (O Barco de Valdeorras, 1978) é un relato autobiográfico porque aborda problemas que aflixen ao artista e, por extensión, inquetan ao cidadán. As súas esculturas exhiben rarezas afortunadamente aceptadas e valoradas desde o século XX por consideralas tan humanas como calquera das “normalidades”, e tentando con iso atopar no estraño un novo lugar.

O barquense ve beleza na diferenza, como un xeito de rachar límites e imaxinar formas extremas. Empodera e democratiza o corpo deforme, ora subíndoo á peaña da fama, ora enxalzándoo e valorando, precisamente, o defecto físico como un atributo máis do fabuloso circo humano. Daquela, as súas esculturas exhiben sen pudor esas rarezas e, en ocasións, a través de poses moi teatrais. En conxunto semellan establecer unha relación de irmandade, malia a súa singular individualidade, conformando unha gran familia que nos seduce porque nela nos recoñecemos.

Os seus torsos ou figurinos desvelan problemas físicos xunto a trastornos psicolóxicos, como hipersensibilidade ou imaxinación mórbida, evidentes opresores do individuo. Son figuras anómalas que, ás veces, multiplican membros ou portan incómodas protuberancias inflamando ouvidos, testa ou expandindo desde o tórax incómodos elementos; incitan atracción e curiosidade como portadoras de misterios nos que albiscar. Son metáforas de estados de cegueira, enxordemento, opresión ou outro tipo de bloqueo emocional, que nalgún intre sentimos como humanos, sobre todo nos tempos que nos toca vivir afectados polo COVID-19.

Fátima Otero  
Comisaria da exposición

Comisari\*s e artistas que veñen de participar  
en ESTADO CRÍTICO 4

Fátima Otero [curadora] + Iván Prieto  
Outubro 2020-xaneiro 2021

Miguel Anxo Rodríguez [curador] + Mónica Alonso  
Marzo-outubro 2020

Alberto González-Alegre [curador] + Óscar Raña  
decembro 2019-febreiro 2020

María Marco [crítica e curadora] + Jacobo Bugarín  
setembro-novembro 2019

Luis Sirvent [coleccionista e promotor cultural] + Ánxel Huete  
abril-xuño 2019


Xabier Limia de Gardón [crítico e  
historiador da arte] + Soledad Penalta  
febreiro-abril 2019

Ania González [crítica e curadora] + Diego Vites  
novembro 2018-febreiro 2019

Ángel Cerviño [artista, escritor e curador] + Xosé Vilamoure  
setembro-novembro 2018

Paula Cabaleiro [curadora] + Paula Noya  
maio-setembro 2018

Monse Cea [crítica e curadora] + Jesús Otero-Yglesias  
marzo-maio 2018



Vicerreitoría do  
Campus de Ourense  
Universidade de Vigo

Campus de Ourense  
Campus da Auga

DEPUTACIÓN  
OURENSE

# ESTADO CRÍTICO

15 curador\*s 15 artistas



"Mais paxaros na cabeza", 2019. Cerámica. 84 x 39 x 40 cm

IVÁN PRIETO + FÁTIMA OTERO  
(ARTISTA) (CURADORA)

## HUMANO. OBRA EN CERÁMICA

do 30 de outubro de 2020  
ao 29 de xaneiro de 2021

**María Esther de Blas Varela,**  
Vicerreitora do Campus de Ourense,  
ten o pracer de **convidarte** á presentación aos medios  
de "Humanos. Obra en cerámica" de Iván Prieto  
curada por Fátima Otero que terá lugar na Sala Alterarte  
o venres, 30 de outubro de 2020 ás 12:00 horas

Por mor das medidas sanitarias  
o aforo máximo da sala é de 6 persoas

sala  
**alterarte**

Pavillón Concepción Ramón Amat — Campus Universitario de Ourense  
Horario: luns a venres de 9 a 21 horas

A exposición *Humano* do escultor Iván Prieto (O Barco de Valdeorras, 1978) é un relato autobiográfico porque aborda problemas que aflixen ao artista e, por extensión, inquetan ao cidadán. As súas esculturas exhiben rarezas afortunadamente aceptadas e valoradas desde o século XX por consideralas tan humanas como calquera das "normalidades", e tentando con iso atopar no estraño un novo lugar.

O barquense ve beleza na diferenza, como un xeito de rachar límites e imaxinar formas extremas. Empodera e democratiza o corpo deforme, ora subíndoo á peaña da fama, ora enxalzándoo e valorando, precisamente, o defecto físico como un atributo máis do fabuloso circo humano. Daquela, as súas esculturas exhiben sen pudor esas rarezas e, en ocasións, a través de poses moi teatrais. En conxunto semellan establecer unha relación de irmandade, malia a súa singular individualidade, conformando unha gran familia que nos seduce porque nela nos recoñecemos.

Os seus torsos ou figurinos desvelan problemas físicos xunto a trastornos psicolóxicos, como hipersensibilidade ou imaxinación mórbida, evidentes opresores do individuo. Son figuras anómalas que, ás veces, multiplican membros ou portan incómodas protuberancias inflamando ouvidos, testa ou expandindo desde o tórax incómodos elementos; incitan atracción e curiosidade como portadoras de misterios nos que albiscar. Son metáforas de estados de cegueira, enxordemento, opresión ou outro tipo de bloqueo emocional, que nalgún intre sentimos como humanos, sobre todo nos tempos que nos toca vivir afectados polo COVID-19.

Fátima Otero  
Comisaria da exposición

Comisari\*s e artistas que veñen de participar  
en ESTADO CRÍTICO 4

Fátima Otero [curadora] + Iván Prieto  
Outubro 2020-xaneiro 2021

Miguel Anxo Rodríguez [curador] + Mónica Alonso  
Marzo-outubro 2020

Alberto González-Alegre [curador] + Óscar Raña  
decembro 2019-febreiro 2020

María Marco [crítica e curadora] + Jacobo Bugarín  
setembro-novembro 2019

Luis Sirvent [coleccionista e promotor cultural] + Ánxel Huete  
abril-xuño 2019

Xabier Limia de Gardón [crítico e  
historiador da arte] + Soledad Penalta  
febreiro-abril 2019

Ania González [crítica e curadora] + Diego Vites  
novembro 2018-febreiro 2019

Ángel Cerviño [artista, escritor e curador] + Xosé Vilamoure  
setembro-novembro 2018

Paula Cabaleiro [curadora] + Paula Noya  
maio-setembro 2018

Monse Cea [crítica e curadora] + Jesús Otero-Vglesias  
marzo-maio 2018

Vicerreitoría do  
Campus de Ourense  
Universidade de Vigo

Campus de Ourense  
Campus da Auga

DEPUTACIÓN  
OURENSE